

SEPE

INTENTO DE MODIFICACIÓN DA RPT

12/05/2025

O último intento de modificación do cadro de persoal do SEPE, intentado este ano, da moito que pensar.

O pasado 4 de abril, o noso Organismo comunicaba a intención de crear unha Unidade de Igualdade. Para iso, a proposta do SEPE era reclasificar un posto de nivel 27 a 28 e crear dous postos de nivel 22. Esta modificación suporía amortizar tres postos de nivel 18.

O resultado final foi que Función Pública non aprobou esta modificación porque a nova Unidade non figura no Real Decreto de Estrutura do SEPE.

CONCLUSIÓNS QUE FAI A- CIG DE TODO O PROCESO

- A Dirección Xeral descoñece cal é o proceso administrativo para crear unha nova unidade. Isto implica que seguimos sen Unidade de Igualdade.
- Oculta os datos dos postos que vai amortizar, a xustificación desa amortización e a motivación da creacións dos novos postos cos niveis propostos (descoñecemos que específicos terían).
- O SEPE actúa rápido para crear unha nova unidade que entendemos que xa debería de existir pero non o fai tan axiña para modificar, por exemplo, os postos de Letrado/a, os de Axudante de prestacións N 15 de oficina de prestacións que deberían ser N 17, os postos de oficina de direccións provinciais con específico sen regularizar...
- O Organismo actúa con falta de transparencia no proceso pois non só non contesta ás alegacións presentadas pola CIG a esta modificación se non que oculta información.

A CIG MANTÉN A PETICIÓN DE DIMISIÓN DO DIRECTOR XERAL